

## **"ORDENANZA REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE VEHÍCULOS DE TRACCIÓN MECÁNICA**

**Artigo 1.** O imposto regulado nesta Ordenanza, rexerese polos artigos 92 a 99 Do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de facendas locais (no sucesivo TRLFL) e as disposicións que os desenvolven, se ben, respecto da cuota, estarase ó que se establece nos artigos seguintes.

**Artigo 2.** O imposto esixirase conforme ao cadro de tarifas establecido no Art. 95 do TRLFL, incrementadas nun coeficiente de 1,15.

### **Disposición adicional.**

1. As exencións do imposto por vehículos para persoas con mobilidade reducida e os matriculados a nome de minusválidos, serán de aplicación a día 1 de xaneiro do exercicio económico seguinte ao da data da solicitude, sempre e cando en dita data reúnan os requisitos esixidos no TRLFL.
2. Os tractores, remolques, semirremolques e maquinaria agrícola, gozarán de exención dende o momento da súa alta municipal sempre e cando os citados vehículos veñan calificados como agrícolas nas altas e transferencias comunicadas pola Xefatura Provincial de Tráfico.
3. Unha vez recoñecida a exención dun vehículo de persoas con mobilidade reducida e de minusválidos, non se poderá recoñecer una nova exención aplicable ao suxeito pasivo beneficiario dela por máis dun vehículo simultaneamente, polo que o interesado deberá indicar na solicitude que non ten outro recoñecemento de exención por outro vehículo, ou no caso de tela, indicar a súa matrícula. En todo caso a exención aplicarase a partir do 1 de xaneiro do ano seguinte á solicitude, causando baixa na exención do vehículo anterior.

4. <sup>(1)</sup> Os vehículos que obtiveran a clasificación de vehículos históricos polo órgano competente, terán unha bonificación do 100% da cota tribuaria do imposto sobre vehículos de tracción mecánica.

Para obter este beneficio fiscal, os seus propietarios deberán obter a pertinente clasificación de vehículo histórico polo órgano competente e conformidade co establecido no R.D. 1247/1995, de 14 de xullo, polo que se aprobou o Regulamento de vehículos históricos, e acreditarla ante o concello, achegándoa xunto coa súa solicitude de bonificación.

O Alcalde do Concello ditará resolución recoñecendo a bonificación de vehículo histórico.

A bonificación recoñecida producirá efectos a partir do 1 de xaneiro do exercicio seguinte ao de recoñecemento da bonificación tributaria por este concello.

#### **Disposición transitoria.**

Seguirán mantendo una bonificación do 100 % da cota tributaria os vehículos históricos ou que teñan unha antigüidade mínima de 25 anos que tiveran recoñecida a citada bonificación con anterioridade á entrada en vigor da presente ordenanza.

#### **Disposición derogatoria.**

Queda derogada a ordenanza fiscal aprobada o 20 de decembro de 2001 e a súa modificación de 28 de marzo de 2008."

---

<sup>(1)</sup> *Modificación da ordenanza acordada polo Pleno do 5 de marzo do 2015, publicada no BOP nº 81 do 11 de abril do mesmo ano. Introduce este apartado número 4 da disposición adicional, e entra en vigor o 1 de xaneiro de 2016*